

**PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
**- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -**

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
<b>19/12/2013</b>	Sala de Xuntas da Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC Campus de Esteiro R/ Dr. Vázquez Cabrera, s/n. Ferrol (España)	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p><b>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL</b> D. Antonio Abril Abadín</p> <p><b>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Xose Luis Armesto Barreiro. Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D. Juan Manuel Villoslada. Xerente</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Ricardo Cao Abad D<sup>a</sup>. Nuria Vieira Sousa D. Miguel Valeiro Mouriño</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</b></p> <p><b>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA</b> D. Alfonso Manuel López Pena D. Ángel Manuel Teijeiro González</p> <p><b>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA</b> D<sup>a</sup>. Nona Inés Vilariño Salgado D. José María de Miguel Gómez D<sup>a</sup>. Marta María Blanco Vispo</p> <p><b>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS</b> D. Santiago Porta Dovalo</p> <p><b>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS</b> D. Francisco Santiáñez Orero D. José Venegas Alonso</p> <p><b>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS</b> D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción López Fernández</p> <p><b>SECRETARIO</b> D. Enrique Muñoz Lagarón</p> <p><b>INVITADOS</b> D. Amalia Blanco Louro, Vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas D. Julio Abalde Alonso, Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías D. Jesús Spósito Prado, Director Técnico do Consello Social da UDC.</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**ACORDOS ADOPTADOS**

- Apróbase a acta correspondente á sesión do 29 de outubro de 2013.
- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 22.3 do regulamento de organización e funcionamento do Consello Social de 21 de xullo de 2005, o proxecto de orzamento de gastos, do mesmo, para o exercicio 2014 para os efectos da súa integración no proxecto de orzamentos xerais da Universidade.
- Apróbase o seguinte calendario de plenos para o ano 2014, ao abeiro do disposto no art. 20.2 do regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da UDC: 27 de marzo, 26 de xuño, 30 de outubro e 18 de decembro.
- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 75.3 c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, o orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio económico de 2014, co documento complementario "Bases da execución do orzamentom2014", tal e como consta nos documentos que se acompañan baixo o título "Anteproxecto de orzamentos 2014". Así mesmo, tamén se aprobou o documento "Plan operativo anual 2014", que desenvolve as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2014-15 aprobado polo claustro da UDC o 4 de decembro.
- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 75.3 f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, aprobar os prezos das ensinanzas propias da UDC para o curso 2013/2014 que se relacionan a continuación:

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PREZO</b>
Curso de Especialización en Avaliación da Sostibilidade da Edificación mediante o certificado Breeam	2.950€
Curso de Especialización en BIM (Building Information Modeling)	1.200€
Curso de Especialización en Xestión de Centros Sanitarios	2.000€
Curso de Formación Específica de Posgrao en Modelización Acústica 3D na edificación: Do proxecto á obra	600€
Curso de Formación Específica de Posgrado en Protocolo, Comunicación e Imaxe Corporativa	525€
Curso de Formación Específica de Posgrado en Responsabilidade Social	600€
Mestrado en Loxística e Transporte	4.900€
Mestrado Interuniversitario en Xestión e Planificación Portuaria e Intermodalidade	7.500€

- Acórdase a aprobación, ao abeiro do disposto no art. 75.3 f) da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, da proposta de modificación das tarifas dos Servizos de Apoio á Investigación.

- Acórdase aprobar a aceptación, ao abeiro do disposto no art. 75.3 I) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, a aceptación pola Universidade da doazón dunha maqueta da "Casa do Patín", tal e como se describe na solicitude da Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC, de 12 de novembro de 2013.